Consello Social
Universidade de Vigo

ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONSELLO SOCIAL
07.06.2023

LUGAR: Sala I do edificio Miralles, Campus de Vigo
DATA: 07.06.2023
HORA DE COMEZO: 11:30
HORA DE REMATE: 14:20

LISTA DE ASISTENTES
Añel Cabanelas, María Elena
Atanes Limia, Xosé Manuel
Blanco Gómez, César
Bravo Bosch, María José
Calviño Rodríguez, Xulio
Caparrini Marín, Natalia
Cendón Alonso, María Teresa
Crespo Tobío, Silvia
Diz Folgar, Manuel
Fernández Zunzunegui, Emilio
García Míguez, María de los Ángeles
Graña Nogueiras, Jesús
Larriba Leira, María Elvira
Lesmes Romero, Yolanda
López Fernández, Yolanda
Macho Senra, Antonio
Martínez Gómez, César Enrique
Martiño Gómez, Antonio
Muleiro García, Avelino
Ojea Bouzo, Armando
Pedrosa Silva, Ernesto
Reigosa Roger, Manuel Joaquín
Vieites Baptista de Sousa, Juan Manuel

DESCULPARON ASISTENCIA
Castro Mouzo, Mercedes
Izquierdo Martínez, Francisco Gustavo
Novoa Rodríguez, María Sol
Santamaría Conde, Juan José

NON ASISTIRON
Mollinedo Lois, Carlos
Ortiz Álvarez, Ana María
Pérez Puga, Gerardo Ramón
Sánchez Gándara, Rosa María

SECRETARIO
Rodríguez Iglesias, Ignacio

O mércores, 7 de xuño de 2023, ás 11:30 horas, celebrouse sesión ordinaria do Pleno do Consello Social da Universidade de Vigo co obxecto de tratar os seguintes puntos da Orde do día:

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior (31.03.2023).
2. Informe do presidente.
3. Informe do reitor.
4. Aproximación ás causas de abandono de estudos na Universidade de Vigo. Enquisas e comparativas. Comparecencia do director da Área de Calidade.

Asuntos remitidos polo Consello de Goberno do 28 de abril de 2023.

5. Proposta de transformación da Escola Aberta de Formación Permanente da Universidade de Vigo en Centro de Posgrao e de Formación Permanente (CPFP). Informe que proceda.
6. Informe sobre a proposta de creación da Facultade de Enfermaría da Universidade de Vigo.
7. Aprobación, se procede, da modificación da Normativa de Permanencia e progreso nas titulacións oficiais de Grao e Máster da Universidade de Vigo.
8. Informe que proceda sobre a creación do Instituto Universitario de Investigación Xustiza e Xénero.
9. Informe que proceda sobre a suspensión da actividade do Instituto de Electrónica Aplicada. (Consello de Goberno do 30 de marzo de 2023).
10. Aprobación inicial, se procede, da creación e participación da Universidade de Vigo na SpinOff Prismatrix, e contraprestacións aplicables, de ser o caso.
11. Aprobación, se procede, da asignación de bolsas-colaboración aos departamentos solicitantes da Universidade de Vigo, concedidas polo Ministerio de Educación para o curso 2023/2024.

Propostas e acordos da Comisión Económica (reunión do 8 de maio de 2023).

12. Incorporación de remanente para sufragar gastos financiables con cargo á partida de I+D+i do Plan de financiamento do SUG 2024/2026.
13. Rectificación da partida correspondente á subvención concedida polo INEGA para proxectos de eficiencia enerxética. Incorporación de dous novos remanentes para proxectos aprobados polo INEGA.
14. Aprobación da revisión de tarifas dos Centro de apoio á investigación.

Propostas e acordos da Comisión de Actividades e Servizos. (reunión do 18 de maio de 2023).

15. Aprobación, se procede, da participación do Consello Social na produción e distribución de material de acollida ao alumnado da UVigo no curso 2023/2024, en colaboración coa Vicerreitoría de Comunicación e Relacións Institucionais.
16. Acordo que proceda sobre a proposta de elaboración dun estudo para avanzar no acompañamento e acollida ao estudantado estranxeiro na UVigo.
17. Acordo que proceda sobre o financiamento do estudo sobre inserción laboral das persoas tituladas en estudos oficiais de Grao e Mestrado da Universidade de Vigo no curso académico 2020/2021.
18. Outros asuntos. Axudas e patrocinios.
19. Acordo que proceda sobre a solicitude da Vicerreitoria de Estudantado e Empregabilidade para organizar o " II Encontro da Comunidade Alumni-UVigo" e os premios conmemorativos.
20. Informe sobre os convenios asinados pola Universidade de Vigo en marzo (CEC 08.05.2023) e abril de 2023.
21. Rogos e preguntas.

Ernesto Pedrosa agradece a asistencia dos presentes, e comunica que por obrigas de Juan Manuel Vieites, e por razón de operatividade, adiántanse os puntos da Comisión Económica, que preside, ao inicio da sesión. O presidente agradece así mesmo a presencia do vicerreitor Alfonso Lago e do responsable da Área de Calidade, Joaquín Collazo, para informar ao pleno de asuntos das súas competencias.

PUNTO 1

Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior (31.03.2023).

- ***Apróbase por asentimento.***

PUNTOS 12,13 e 14

Incorporación de remanente para sufragar gastos financiables con cargo á partida de I+D+i do Plan de financiamento do SUG 2024/2026.

Rectificación da partida correspondente á subvención concedida polo INEGA para proxectos de eficiencia enerxética. Incorporación de dous novos remanentes para proxectos aprobados polo INEGA.

Aprobación da revisión de tarifas dos Centro de apoio á investigación.

Juan Manuel Vieites abre a súa intervención lembrando o pasamento de Daniel Barata, anterior presidente da Comisión, louvando a súa memoria e pedindo que se lle transmitan as condolencias á familia. Agradece a deferencia de permitírselle adiantar a súa intervención por ter que ausentarse á maior brevidade por razóns de axenda.

O presidente da Comisión Económica reflexiona sobre os principios de rigor e dispoñibilidade nos que se debe mover a actividade da Comisión, tendo sempre como obxectivo ofrecer ao Pleno información suficiente e clarificadora sobre os asuntos que son propios da súa competencia. Nese contexto expón os acordos e recomendacións aprobados na comisión, tratando de conciliar que a universidade non teña servizos deficitarios coa esixencia da transparencia, o rigor e a fundamentación obrigados. Aclara que se adoptaron estes acordos coa excepcionalidade e a flexibilidade requiridos polas continxencias, facendo unha chamada a que no sucesivo as propostas teñan en conta o escenario orzamentario e a súa estabilidade.

Intervén a xerente para explicar o contido e a intención dos puntos propostos en aras de poder atender necesidades sobrevidas e responder con medidas excepcionais. Agradece a predisposición e receptividade da Comisión e do Pleno.

- ***Apróbanse por asentimento.***

PUNTO 2

Informe do presidente.

Ernesto Pedrosa valora a documentación remitida sobre as Xornadas de Consellos Sociais organizadas en Vigo o pasado mes de abril, e o Manifesto aprobado para abrir negociación coas administración autonómicas para desenvolver a LOSU.

Subliña a continuación a importancia de asuntos recollidos na Orde do día como a creación da Facultade de Enfermaría e do Instituto de Xustiza e Xénero. Tamén do informe sobre as causas que moven a abandonar a estudantes matriculados na UVigo "por se fose preciso artellar procedementos de acollida e integración dos novos alumnos, para o que o Consello Social promove xa un estudo para coñecer a casuística dos estudantes estranxeiros (punto 16 da orde do día).

Advirte o presidente sobre "a delicada responsabilidade" que atribúe a LOSU aos Consellos Sociais de velar polo cumprimento dos principios éticos e de integridade académica nas universidades, así como das directrices antifraude, e neste senso destaca a recente aprobación das normas de convivencia e do código ético da UVigo. Engade que en ámbolos dous casos tivo un papel determinante a nova secretaria xeral da universidade, María José Bravo, á que dá a benvida e celebra o seu nomeamento "porque aumentará a nosa capacidade de resposta ao novo escenario competencial". Neste punto agradece o traballo e as aportación feitas polo seu predecesor, Miguel A. Michinel.

De seguido resume algunhas das conclusións máis destacadas da enquisa feita pola Fundación CyD sobre a opinión que teñen os cidadáns sobre a universidade española, para deducir que as universidades son un asunto de interese público crecente, e que se sitúan en zonas de elevado afán revisionista.

Remata con dous asuntos "de especial relevancia": a consecución do Máster de Aeronáutica, no que agradece a contribución e empeño dos membros do Consello Social; e o pasamento de Daniel Barata, vicepresidente do mesmo durante nove anos, para quen tivo un emotivo recordo e a quen cualificou de "docente exemplar, persoa de consenso e humanista profundo".

PUNTO 3

Informe do reitor.

Manuel Reigosa principia a súa intervención co recoñecemento á labor feita e á capacidade de consenso de Daniel Barata, lamentando a súa perda.

Manifesta que procede felicitarse pola posta en marcha o próximo curso do Máster en Aeronáutica en Ourense, o Grao en Deseño en Pontevedra e Enxeñaría da Automoción, o primeiro Grao dual no SUG, e amplía as boas novas á Facultade de Enfermaría e á integración das tres escolas adscritas nun só centro, mentres se manteñen abertas negociación para achegar tamén a escola privada de POVISA.

O reitor dá conta dos cambios producidos no equipo de goberno, coa división da Vicerreitoría de Profesorado e Titulacións; a desaparición da Vicerreitoría de Empresas, que manterá as competencias e obxectivos por outras vías; e o cambio na dirección da Escola Internacional de Doutoramento. Explica tamén o proceso de nomeamento da nova secretaria xeral, María José Bravo, e agradece expresamente o traballo feito polo seu antecesor, Miguel A. Michinel.

Anuncia, finalmente, novas medidas de aforro enerxético e agradece que neste asunto o Consello Social autorice medidas económicas que son precisas. E remata cunha reflexión sobre o proceso que se abrirá para adaptar á LOSU os estatutos da UVigo, coa creación dunha comisión específica, expoñendo que neste proceso terase en especial consideración a presencia e a visibilidade do Consello Social, que terá representación na devandita comisión, "polo traballo que está a facer" e porque así debe continuar sendo.

PUNTO 4

Aproximación ás causas de abandono de estudos na Universidade de Vigo. Enquisas e comparativas. Comparecencia do director da Área de Calidade.

Joaquín Collazo agradece poder presentar o estudo e despois de lembrar os antecedentes e a metodoloxía, dá conta dos obxectivos, os datos xerais da enquisa, a análise de poboación e os resultados que -anticipa- "son razoablemente bos". Apunta que na enquisa participaron 2.475 estudantes e que foi feita entre xullo e novembro de 2022, con once preguntas en catro bloques: acceso á UVigo, motivos do abandono, valoración da titulación e situación actual do alumnado. Nas gráficas amósanse, entre outros aspectos, os abandonos dos graos por ano, dende 2008-2009; evolución do abandono por rama de coñecemento e por sexo; número de cursos dende o ingreso ata o abandono; que posición ocupaba a titulación abandonada nas súas preferencias; se volvería a elixir a mesma titulación (un 49,1% di que si); os motivos para abandonar (sobre todo motivacionais, o 37%); a actividade laboral no momento do abandono (o 35% tamén traballaban); e a formación actual do alumnado que abandonou (o 58,2% ningunha). Á pregunta de se retomaría os estudos na UVigo actualmente, o 59% di que non.

Entre as conclusións máis relevantes destaca que o 72% dos que abandonaron considera que a UVigo puido axudar a evitar o abandono cun maior apoio académico, maior flexibilidade horaria ou máis bolsas de axuda.

Jesús Graña e Emilio Zunzunegui coinciden en apuntar a conveniencia de incorporar propostas en positivo para axudar a reverter os datos.

O presidente agradece o traballo e a presentación do director da Área de Calidade e afirma que dende o Consello Social seguirase a traballar en máis análises para a adopción de futuras accións.

PUNTO 5

Proposta de transformación da Escola Aberta de Formación Permanente da Universidade de Vigo en Centro de Posgrao e de Formación Permanente (CPFP). Informe que proceda.

Toma a palabra o vicerreitor de Titulacións para xustificar a proposta, nun escenario no que haberá que compensar o descenso de alumnado: desenvolver novos títulos de mestrados oficiais que non teñan soporte nunha escola ou facultade; mestrados adaptados aos ODS; captación de estudantado estranxeiro mediante a internacionalización da oferta; integración dos mestrados de formación permanente no sistema interno de garantía de calidade, para que todas as titulacións do centro teñan acreditación sen pasalas individualmente; e aposta polas microcredenciais. Resume Alfonso Lago que se trata de converter o CPFO nun centro oficial máis da UVigo.

- *Infórmase favorablemente.*

PUNTO 6

Informe sobre a proposta de creación da Facultade de Enfermaría da Universidade de Vigo.

Lembra o vicerreitor de Titulacións que os traballos para a creación da facultade comezaron en 2012, e que en 2019 declarouse o interese en que os tres centros adscritos se integrasen na UVigo como centros propios, e tamén máis adiante a escola privada de POVISA. Acadado o acordo coas administracións implicadas para crear unha única Facultade que recolla as escolas públicas adscritas, unha por Campus, Alfonso Lago manifesta que a desadscrición farase curso a curso respectando os dereitos do estudantado, e o alumnado incorporarase ao Plan de financiamento segundo se vaia integrando (na transición non prexudica ao resto de titulacións) polo que despois da plena integración serán títulos coa mesma financiación que o resto. A previsión é empezar o grao no curso 2024/2025 e no curso 2025/2026 o Máster. O vicerreitor, e mesmo o reitor, dan resposta a distintas cuestións que expoñen Xosé Manuel Atanes (sobre instalación) e Jesús Graña (sobre financiamento).

- *Infórmase favorablemente.*

PUNTO 7

Aprobación, se procede, da modificación da Normativa de Permanencia e progreso nas titulacións oficiais de Grao e Máster da Universidade de Vigo.

Intervén a vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade, Natalia Caparrini, para transmitir os cambios que se propoñen e que se recollen nun documento no que se explicitan con claridade as referencias que se suprimen e as novidades que se incorporan. A vicerreitora argumenta que a actual normativa entrou en vigor no curso 2017/2018 e procede unha revisión para adaptala á situación actual, para o que propón cambios consistentes en eliminar referencias obsoletas lexislativas e terminolóxicas; acadar maior seguridade xurídica na tramitación de solicitudes; e modificar cuestións académicas relativas aos graos (criterios de permanencia, número máximo de matrículas e rendementos académicos excepcionais). Engade que durante a exposición pública só se presentaron tres alegacións que foron negociadas satisfactoriamente.

- *Apróbase por asentimento.*

PUNTO 8

Informe que proceda sobre a creación do Instituto Universitario de Investigación Xustiza e Xénero.

Manuel Reigosa afirma que cumpre sobradamente os requisitos e que é o terceiro instituto que se pon en marcha, estando previsto a medio prazo un cuarto, no ámbito humanístico. Antonio Macho manifesta preocupación pola denominación, ao ligar xustiza e xénero, o que podería inducir a certo reducionismo porque os temas de igualdade non son exclusivos das profesións que se citan no documento de exposición de motivos. Resposta o Reitor que non se debe esquecer que é un instituto de investigación, no que se acubillan todos os investigadores que teñen relación, máis alá de que traballen ou non en temas legais, e que está orientado ás capacidades dese persoal que participa, nos campos xurídico, da historia, da educación ou da psicoloxía. Doutra banda, complementa a resposta anunciando a intención de fortalecer a Unidade de Igualdade e a próxima creación dunha Unidade de Diversidade.

- *Infórmase favorablemente.*

PUNTO 9

Informe que proceda sobre a suspensión da actividade do Instituto de Electrónica Aplicada. (Consello de Goberno do 30 de marzo de 2023).

Comunícase que a dirección do instituto declinou adaptarse aos novos regulamentos establecidos pola Xunta e pola propia UVigo durante 2021, nos que se esixen reformas para que poidan competir en contextos nacionais e internacionais. Transcorrido o prazo dun ano sen adecuarse aos novos requisitos, cesa na súa actividade como instituto universitario.

- *Infórmase favorablemente.*

PUNTO 10

Aprobación inicial, se procede, da creación e participación da Universidade de Vigo na SpinOff Prismatrix, e contraprestacións aplicables, de ser o caso.

Introduce este punto o presidente resaltando que se trata da aprobación inicial da creación dunha empresa que se centrará no desenvolvemento e comercialización de solucións que faciliten a identificación e a orixe dos materiais empregados pola industria. O seu capital social será de 6.000 €, con unha proposta de participación da UVigo do 3%.

- *Apróbase por asentimento.*

PUNTO 11

Aprobación, se procede, da asignación de bolsas-colaboración aos departamentos solicitantes da Universidade de Vigo, concedidas polo Ministerio de Educación para o curso 2023/2024.

Informa o secretario do procedemento seguido para a asignación e dos aspectos máis salientables da convocatoria, recollidos na documentación, nos resumos e nas táboas que se achegan, nos que se inclúe unha comparativa da evolución de solicitudes e beneficiarios por ramas de coñecemento, Campus e departamentos rexistrados durante os últimos anos, que permiten unha visión global do proceso. Lembra que a adxudicación definitiva farase en outubro.

- *O Pleno dá a súa aprobación.*

Ernesto Pedrosa informa das propostas e acordos da Comisión dando lectura ao resumo do que dispoñen os membros, e que recolle na súa totalidade os asuntos tratados.

PUNTO 15

Aprobación, se procede, da participación do Consello Social na produción e distribución de material de acollida ao alumnado da UVigo no curso 2023/2024, en colaboración coa Vicerreitoría de Comunicación e Relacións Institucionais.

Dende a Vicerreitoría de Comunicación proponse que para o vindeiro curso 2023/2024 se elabore e entregue unha axenda con contidos similares á do curso actual, con mapas dos Campus, información institucional, localizacións e contactos de servizos universitarios e toda a oferta de grao e posgrao. O Consello Social manterá a súa presenza e a súa imaxe.

- *Apróbase a aportación de 12.500 €.*

PUNTO 16

Acordo que proceda sobre a proposta de elaboración dun estudo para avanzar no acompañamento e acollida ao estudantado estranxeiro na UVigo.

Nun tempo no que a captación de alumnos é fundamental, trátase de definir como pode mellorar a universidade os protocolos de acollida ao estudantado estranxeiro durante a súa estancia. Para alcanzar ese obxectivo proponse este traballo.

- *Apróbase unha aportación de 8.595 €.*

PUNTO 17

Acordo que proceda sobre o financiamento do estudo sobre inserción laboral das persoas tituladas en estudos oficiais de Grao e Mestrado da Universidade de Vigo no curso académico 2020/2021.

A Vicerreitoría de Estudantado e Empregabilidade solicita ao Consello Social a financiación do estudo sobre os titulados en grao e mestrado, por consideralo de especial interese e para cumprir os requirimentos para a participación da UVigo nos rankings universitarios nacionais e internacionais, e posibilitar un mellor posicionamento. A maiores facilitará información actualizada para os informes anuais de Calidade dos centros, para o Portal de Transparencia e para as unidades administrativas e académicas da universidade. O traballo encomendase ao Observatorio de Persoas Tituladas.

- *Apróbase unha achega de 9.490 €.*

PUNTO 18

Outros asuntos. Axudas e patrocinios.

O presidente remite ao resumo de axudas e patrocinios aprobados na comisión e que consta na documentación enviada aos membros.

- ***O Pleno dáse por informado.***

PUNTO 19

Acordo que proceda sobre a solicitude da Vicerreitoria de Estudantado e Empregabilidade para organizar o " II Encontro da Comunidade Alumni-UVigo" e os premios conmemorativos.

Tense en conta que se trata dunha iniciativa estreitamente vencellada ao Consello Social, dado que a Comunidade Alumni foi creada a partir da actividade e o traballo xerados durante varios anos polo Observatorio de Egresados. A rede de Alumni significase por ser un dos obxectivos prioritarios e nos que maior empeño puxo este Consello Social. O presidente propón unha aportación de 8.000 € para o desenvolvemento do "II Encontro da Comunidade" e da "II entrega de Premios Alumni UVigo".

- ***O Pleno dá a súa aprobación.***

PUNTO 20

Informe sobre os convenios asinados pola Universidade de Vigo en marzo (CEC 08.05.2023) e abril de 2023.

- ***O Pleno dáse por informado.***

PUNTO 21

Rogos e preguntas.

Xosé Manuel Atanes comunica ao pleno a preocupación da Asociación do profesorado de Tecnoloxía de Galicia (APETEGA) respecto da proposta de ponderación da nova ABAU. Aínda sendo consciente de que o Consello Social non é competente neste asunto e que a ABAU está conxelada este ano, Xosé Manuel Atanes entende que se trata dunha preocupación social, e dá lectura a un texto do presidente da asociación no que se pon de manifesto o desacordo sobre que a materia de Bacharelato "Tecnoloxía e Enxeñaría" para os exames da ABAU pondere só un 0,1 para todas as carreiras da rama de Enxeñaría e Arquitectura, dándose o paradoxo de que outras materias que non teñen unha relación tan directa con esa mesma rama terán unha ponderación de 0,2. A Asociación pide "unha toma de conciencia" sobre a importancia da súa materia, e que se apoie ante a CIUG e os responsables da ABAU que a proposta de ponderación "pase a ser de 0,2 nas carreiras con perfil tecnolóxico, que son todos os graos da rama de Enxeñaría e Arquitectura". Ernesto Pedrosa agradece a comunicación ante o problema, do que toma nota.

Emilio Zunzunegui expón distintas situacións que se están a producir no ámbito laboral dentro da UVigo:

1-Pide información sobre catro sentenzas estimatorias de catro xulgados respecto do persoal contratado temporalmente ao amparo da Lei de Ciencia, asociados a proxecto de investigación, por despido improcedente.

2-Interésase por posibles incumprimentos do acordo de funcionarización do PAS laboral respecto do pago de horas extras.

3-Traslada a inquedanza da Asociación de persoal investigador da UVigo (APIUV) por ter que pagar a matrícula nun programa de Doutoramento, como requisito previo obrigatorio para acceder ou manter un contrato laboral coa UVigo, entendendo que os custes debe asumilos a institución.

4-Por último pregunta por que non se cobren as baixas por ILT no PAS, o que está a ocorrer dende o pasado mes de setembro.

O Reitor comprométese a tratar estas cuestións "con todo o agarimo" e comprométese a traer os oportunos informes en cada caso, se ben groso modo resposta que as sentencias recorreranse e que algunhas persoas xa teñen contrato indefinido; que sobre as horas extras xa hai un acordo coa Xerencia; que os investigadores predoutorais teñen a obriga de facer esa matrícula pero que os prezos son moi baixos; e que no caso das substitucións a Xerencia é coidadosa e estase a buscar unha solución que concilie o bo servizo e o gasto.

Elena Añel intervén para compartir a súa satisfacción con que por fin Aeronáutica poida impartir o Máster no próximo curso, e os graduados xa non teñan que marchar. Lembra que foi unha longa reivindicación e transmite parabéns por acadalo. Resposta o reitor que os parabéns son para todos os que axudaron a conseguilo, entre eles a propia interviñinte.

Antonio Macho e Mª Teresa Cendón coinciden en apuntar sendas propostas para acompañar a creación da Facultade de Enfermaría cunha campaña de difusión de iniciativas relacionadas coa Medicina. Na primeira intervención propón unha exposición itinerante polos edificios da propia UVigo de material sanitario recollido por un médico rural en Maceda. Na segunda lembrase o posible aproveitamento do Museo sanitario existente en Vigo, sendo unha boa oportunidade para reactivalo.

Remata a quenda de intervencións Emilio F. Zunzunegui para saber se hai algún avance respecto do edificio do vello Hospital de Pontevedra. O reitor sinala que non hai novidades e que a UVigo segue tendo interese. César Enrique Martínez aconsella actuar con prudencia para que non se utilice á UVigo neste asunto.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 14:20 horas do 7 de xuño de 2023, da que eu como secretario dou fe, co visto e prace do presidente.

Vº. e Pr.,
O presidente do Consello Social,

Ernesto Pedrosa Silva

O secretario,

Ignacio Rodríguez Iglesias